<p>La possibilité- L'impossibilité.</p> <p>-La probabilité.</p> <p>-La incertitude.</p> <p>-Le doute.</p> <p>-Quels sont les temps qu'on emploie?</p> <p>-La voix passive.</p> <p>-Le genre ( masc.-fém. )</p> <p>-L'opposition.-Conjonctions.- Adverbes.-</p>	<p>- Expressions indiquant la possibilité, l'impossibilité la probabilité, le doute, la certitude.</p> <p>- L'expression de la forme passive</p> <p>- La citoyenneté européenne. Les institutions européennes.</p> <p>- Savoir exprimer l'opposition et la concession</p>

Préposition -La concession -Le participe présent. -Le gérondif. - Les démonstratifs (adjectifs et pronoms). Démonstrativo + relatif - Prépositions et noms de lieu (pays , villes...) - La condition, l' hypothèse	- Employer les mots rapportés à la nature et l'environnement. - Parler du changement climatique. - La francophonie - Indiquer la circonstance d'une action. - Exprimer la anteriorité et la simultanéité. - Le commerce équitable
--	--

## 5. Procedementos e instrumentos de avaliación.

Hai tres exames parciais, un ordinario en xuño, tanto para primeiro como para segundo e outro extraordinario a finais de xuño dado que dende este curso desaparece a convocatoria de setembro que se realiza a finais de xuño. Por ser esta unha educación a distancia, os exames serán escritos

### . Concrecións metodolóxicas da materia.

Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes, tendo en conta que é un ensino a distancia dirixido a persoas adultas.

Utilización educativa dos recursos tecnolóxicos

## 6. Material e recursos didácticos.

- Guía telemática
- Aula virtual: documentos, vídeos, exercicios de comprensión oral
  - - Páxinas Web. :
  - <http://www.lepointdufle.net>
  - <http://francesbrunete.blogspot.com.es/>
  - <http://francaisenligne.free.fr/ecouter/foutaises.php>
  - <http://fandefle.com/>
  - <http://www.bonjourdefrance.com/>
  - <http://babelnet.sbg.ac.at/canalreve/>

## 7. -CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

## 7.1 Criterios de avaliación

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

#### **En relación coa corrección comunicativa:**

##### Na expresión escrita:

- A adecuación das mensaxes á situación de comunicación e ó contexto.
- A comprensibilidade das mensaxes, é dicir, a súa lóxica e coherencia.
- A creatividade, isto é, a capacidade para producir mensaxes propios, partindo da bagaxe que se posúe e da reflexión sobre o funcionamento das linguas.

#### **En relación coa corrección lingüística as pautas serán:**

##### Na expresión oral : (VOLUNTARIO O EXAME)

- A corrección gramatical e léxica.
- A entoación e a pronuncia.
- A utilización de expresións adecuadas.
- A fluidez.

##### Na expresión escrita:

- A corrección gramatical e léxica.
- A corrección ortográfica.
- A presentación e a calidade do escrito (organización, elaboración persoal, riqueza léxica).

#### **Avaliación sumativa:**

**A puntuación total mínima necesaria para aprobar é un 5.** Dada a natureza progresiva desta materia na adquisición de coñecementos, todos aqueles contidos e competencias que sexan obxecto de exame en cada avaliación serán incorporados ao exame da avaliación seguinte. Polo tanto no exame da 2ª Avaliación incorpóranse e súmanse os contidos da 1ª aos contidos específicos da mesma. Igualmente na 3ª os da 1ª e da 2ª.



Na proba ordinaria entran os contidos do curso completo do mesmo xeito que na extraordinaria. Como consecuencia disto, será posible superar o curso aprobando a 3ª Avaliación, xa que integrará todo o visto nas avaliacións anteriores.

A nota media do curso será a que resulte superior de entre estas dúas opcións:

a) A media aritmética das tres avaliacións, redondeada á unidade máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior.

b) A nota da 3ª Avaliación.

**A puntuación total mínima necesaria para aprobar na avaliación ordinaria é un 5.**

### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

#### **1-EXAMES ESCRITOS :**

- PRODUCTION ÉCRITE :30%
- COMPRÉHENSION ÉCRITE : 30%
- EXERCICE DE GRAMMAIRE : 20%

#### **2-EXAMES ORAIS .:**

- COMPRÉHENSION ORAL (écoute): 20%

#### **7.2 Criterios de cualificación para a avaliación extraordinaria de finais de xuño:**

O alumnado que non superaran as probas a principio do mes de xuño deberá examinarse de toda a materia a finais de xuño.

Para aprobar será necesario obter unha nota mínima de cinco.

#### **7.3 Probas de materias pendentes:**

Os alumnos de 2º de Bachalerato con materias pendentes de 1º, poden facer a avaliación final ordinaria en abril; neste caso, perden o dereito á convocatoria de xuño

#### **7.4 Outros casos:**

Fóra destes casos non se pode aprobar por avaliacións parciais e hai que facer o exame final. Dada a natureza da materia, no exame final non hai apartados para cada unha das avaliacións, é un exame de toda a materia.

Cando se detecten irregularidades na realización dos exames, o alumno perderá o dereito á avaliación continua, e deberá facer o exame final

### 7.5 Realización dos exames :

**exames serán presenciais.** Soamente en caso de alerta sanitaria realizaranse por medios telemáticos.

### . 7.6 Normas para a realización dos exames

O alumnado debe seguir as instrucións do centro incluídas no Protocolo Covid-19 do IES San Clemente relativas á realización dos exames presenciais.

O alumnado deberá presentarse á hora da convocatoria do exame en posesión dun documento de identificación oficial (DNI, permiso de circulación, pasaporte, permiso de residencia...) Non poderá levar na cabeza ningunha prenda que dificulte a súa identificación e deberá ter descubertos os pavillóns auriculares para que se poida comprobar que non utiliza ningún dispositivo auditivo non autorizado.

Non estará permitido abandonar a aula antes de pasados 20 minutos desde o inicio da proba e non se permitirá realizala a quen se presente cun retardo superior a ese tempo. Unha vez finalizado o exame, o/a alumno/a deberá entregalo ao profesorado encargado da supervisión do mesmo, aínda que estea en branco. En ningún caso o poderá deixar sobre a mesa. No momento da entrega, deberá presentar o documento de identificación e asinar na folla de asistencia.

Durante o exame non estará permitida a utilización de teléfonos móbiles, *smartwatches* (mesmo en modo de reloxo convencional) ou outros aparellos electrónicos, que deberán permanecer apagados. No caso de que o profesorado que supervisa a proba detecte que algún/algunha alumno/a copia ou intenta copiar mediante calquera sistema (*chuleta*, apuntamentos, comunicación con outro/a alumno/a, teléfono...), ou está en posesión dalgún dispositivo electrónico non autorizado acendido, este/a deberá entregar o exame, que será cualificado con 0 puntos, e abandonar a aula. O/A alumno/a non terá en ningún caso dereito a que se lle repita o exame.

**-8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.**

ASPECTOS A AVALIAR	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
Temporalización das Unidades Didácticas		
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos		
Manexo dos contidos da unidade		
Descritores e desempeños competenciais		
Realización de tarefas		
Estratexias metodolóxicas seleccionadas		
Recursos		
Claridade nos criterios de avaliación		
Uso de diversas ferramentas de avaliación		
Evidencias dos estándares de aprendizaxe		
Atención á diversidade		
Interdisciplinariade		

**9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.**

No referente a actividades de recuperación e reforzo, a propia Aula Virtual está explicitamente deseñada para que o alumnado que non acade a avaliación positiva poida continuar a súa aprendizaxe de acordo coas súas circunstancias ou necesidades posto que dispón ao longo do curso do material necesario para elo, a máis de ferramentas

específicas como poden ser as FAQs, ligazóns, cuestionarios de autoavaliación, exercicios de reforzo, etc., aspectos contemplados de xeito minucioso nas Guías Electrónicas. Nas materias que aínda non dispoñen de Guía Electrónica é o propio profesorado o que a través das diferentes ferramentas que proporciona a Aula Virtual vai guiando ao alumnado na tarefa de conseguir que o proceso de ensinanza-aprendizaxe remate de xeito positivo.

#### **10. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias.**

Vid.O punto 7.2 Criterios de avaliación ,cualificación e promoción do alumnado

#### **11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.**

A avaliación individualizada coo alumnado que non asisten ás titorías nin envían exercicios nin dúbidas polo aula virtual

#### **12. Medidas de atención á diversidade.**

No caso de contar con algún alumno ou alumna que teña necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade física, sensorial ou que necesite axudas técnicas e linguaxes alternativas, ou porque sexa superdotado seguiranse as directrices que marque o Departamento de Orientación.

No caso de ser confinado algún alumno debido a COVID 19 o día do exame estes farán o exame de xeito telemático sempre que teña medios

#### **13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.**

##### **13.1 Contribución ao Proxecto lingüístico**

Aínda que o principal obxectivo da materia de francés é que o alumnado faga os seus exames integramente en francés e que sempre que sexa posible se exprese na citada lingua, valorarase que se amose unha actitude de respecto cara a Lingua Galega.

Coa finalidade de potenciar o coñecemento e o uso da lingua galega, dende este departamento procurarase:

- Usar o galego como vía de comunicación habitual cando o alumnado o precise
- Sempre que sexa oportuno os documentos presentaranse ao alumnado en galego.

*Como, cando e que avaliar*

Valorar a actitude de respecto cara a lingua e o uso da mesma entre o alumnado e nas comunicacións co profesorado.

### **13.2 Proxecto lector.**

No que se refire ao francés intentarase acostumar ao alumnado a ler a partir de artigos de prensa, xornais, revistas, bandas deseñadas etc... que poderán estar suxeridos por o profesor que fará as indicacións pertinentes ou aportándolles o texto, ou por outra banda que sexa o mesmo alumno o que busque o texto directamente na rede seguindo sempre as indicacións do profesor.

Tamén completarase este plan lector recomendando ao alumnado a lectura de algúns textos sinxelos que non sexan impostas como unha obriga pero si de interese para a materia.

Outra fonte de lectura exercitárase a través da realización das actividades complementarias.

Tamén completarase o proxecto lector mediante a recomendación de escoita de cancións e a posterior lectura da letra que contén por resultar unha actividade dinámica para o estudante.

Todas estas suxestións teñen por obxecto a posterior fixación das estruturas na lingua francesa para que mais tarde podan ser reempregadas e automatizadas.

Outro obxectivo do proxecto lector residirá na adquisición dun vocabulario máis amplo así coma expresións típicas da lingua francesa.

### **13.3 Contribución ao Plan de Convivencia**

Considerando que a calidade da convivencia dentro de calquera colectivo e da comunidade educativa en especial, é un factor clave para o bo funcionamento do centro, dende este departamento intentase:

- Colaborar co Observatorio da Convivencia e na elaboración do Plan de Convivencia.
- Manter e fomentar o espírito de compañeirismo, colaboración e respecto nas relacións coas demais persoas e promover esta dinámica entre o alumnado.

-Para conseguir este obxectivo usaremos o diálogo como medio de resolución de conflitos.

-A escoita e as respostas de forma respectuosa e tolerante, coas opinións e diverxencias dos demais, serán as liñas base de actuación.

A comunicación se desenvolverá entre:

#### **13.4 Profesores/as**

-Dende o propio departamento intensificaranse as relacións entre os profesores favorecendo así a comunicación entre eles.

-Entre os diferentes departamentos se intercambiarán opinións e na medida do posible, farase seguimentos comúns de aqueles alumnos que o precisen

#### **13.5 Profesor/a - alumno/a**

-Sempre que sexa factible

-A través da Aula Virtual se fomentará a comunicación co alumnado mediante os correos , documentos que se amosen e as ligazóns.

#### **13.6 A convivencia entre o alumnado exercitarase mediante :**

-O foro, que facilita a comunicación entre compañeiros e o intercambio de coñecementos.

#### **13.7 Relación co persoal non docente**

Establecerase unha comunicación sinxela dende o respecto mutuo e a colaboración

*Avaliación :*

Valorar as actitudes respectuosas, tolerantes e establecendo o diálogo do alumnado entre si e co profesorado

### **15. Metodoloxía didáctica. Contribución ao plan de autonomía persoal**

Precisamente o alumnado do I.E.S. San Clemente accede a un centro onde as ensinanzas están baseadas na autonomía persoal a través da Aula Virtual e a das guías.

## **16. Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.**

Informamos aos alumnos da existencia do programa de radio "Nuestros vecinos del Norte / Nos voisins du Nord" de RNE e do blog asociado ao mesmo, no que poden atopar as letras das cancións, co as súas traducións, biografías dos cantantes e vídeoclips

DELFL: informase o alumnado da posibilidade de preparar e facer o exame do DELF na "Alliance Française"

## **17. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.**

O terminar o curso pasado na memoria do final do curso fixen unha serie de propostas de mellora como son:

**Foro de presentación** animando ó alumnado a participar con pequenas frases e mesmo aceptando a presentación en castelán o galego .

**Envío de correos** a todo o alumnado para lembrarlles as cuestións mais importante para o exame .así como animándoos a presentarse a seguinte avaliación aínda que non se presentara o non superaran a anterior pois dado que é avaliación continua poderían aprobar a materia.

**Gravacións mais curtas**, facendo mellor dous vídeos de 20 ou 25 minutos e non de 50,aínda así creo que o curso próximo non deberían pasar de 15 minutos .

**Exercicios de "Écoute"** : decidín na segunda avaliación poñer mais "écoutes" na AV, de maneira que no exame o exercicio era un dos traballados na clase con pregunta redactadas de outra forma .

Ase mesmo cada trimestre avaliaranse os resultados obtidos nas avaliacións o que implicara unha avaliación dos seguintes aspectos

- Da metodoloxía utilizada.
- Dos obxectivos acadados en cada nivel.
- Do nivel de adquisición dos contidos.
- Da pertinencia dos criterios de avaliación programados.
- Das actividades de aprendizaxe e de avaliación empregadas.
- Das explicacións realizadas na aula: idoneidade, adecuación, pertinencia, etc.
- Dos materiais e recursos utilizados.

Esta avaliación producirá, en caso necesario, modificacións na programación para os vindeiros trimestres. A continuación recóllese un exemplar da **folha de avaliación**

FOLLA DE AVALIACIÓN

FRANCÉS		CURSO:		PROFESOR:	
1ª AVALIACIÓN	Conforme		Cales e motivo do incumprimento? (no caso de que se marque non)		Modificacións
	Si	Non			
2ª AVALIACIÓN	Conforme		Cales e motivo do incumprimento? (no caso de que se marque non)		Modificacións
	Si	Non			
3ª AVALIACIÓN	Conforme		Cales e motivo do incumprimento? (no caso de que se marque non)		Modificacións
	Si	Non			

XEFA DO DEPARTAMENTO

Maria soledad Castellanos



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

1º E 2º DE BACHALERATO 2ª LINGUA ESTRANXEIRA FRANCÉS

**IES SAN CLEMENTE**



Marisol Castellanos

1.	Introdución e contextualización .....	<b>2-4</b>
2.	Contribución ao desenvolvemento das competencias clave .....	<b>4-5</b>
	2.1. Comunicación lingüística (CCL).....	4
	2.2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).....	4
	2.3. Competencia dixital (CD) .....	4
	2.4. Aprender a aprender (CAA) .....	5
	2.5. Competencias sociais e cívicas (CSC).....	5
	2.6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).....	5
	2.7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).....	5
3.	Criterios de avaliación e estándares mínimos esixibles de 1º de Bacharelato 2ª Lingua estranxeira, e 2º de Bacharelato 2ª Lingua estranxeira .....	<b>6-24</b>
4.	Temporalización e concreción de contidos de 1º bacharelato 2ª lingua estranxeira .....	<b>25-33</b>
5.	Graos de adquisición .....	<b>33-37</b>
6.	Procedementos e instrumentos de avaliación .....	<b>38</b>
7.	Materiais e recursos didácticos .....	<b>38</b>
8.	Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado .....	<b>38</b>
9.	Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente .....	<b>39</b>
10.	Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	<b>40-41</b>
11.	Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias.....	<b>41</b>
12.	Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados .....	<b>41</b>
13.	Medidas de atención á diversidade.....	<b>41</b>
14.	Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda .....	<b>42</b>
	14.1 Contribución ao Proxecto lingüístico.....	42
	14.2 Proxecto lector .....	42
	14.3 Contribución ao Plan de Convivencia .....	43
	14.4 Profesores/as.....	43
	14.5 Profesor-alumno/a .....	43
	14.6 A convivencia entre o alumnado exercitarase mediante .....	43
	14.7 Relación co persoal no docente .....	44
	14.8 Metodoloxía didáctica. Contribución ao plan de autonomía persoal .....	44
15.	Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico	<b>44</b>
16.	Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora .....	<b>44-46</b>

## 1. Introducción e contextualización

O Instituto San Clemente ten a súa situación no centro do casco urbano de Santiago de Compostela. É un centro moi especial porque nel impártense as ensinanzas para adultos semipresenciais e a distancia e Formación profesional.

A educación a distancia e este curso se desenvolvera integramente por medios telemáticos caracterízase pola flexibilidade horaria pois é o mesmo estudante o que organiza o seu tempo de estudo.

A outra característica é o uso das TICs (tecnoloxías da información e da comunicación)

É imprescindible cambiar o rol desempeñado polo educador que deixa de ser o protagonista e convertese nun facilitador do proceso educativo cedendo o paso ao estudante que debe ter un compromiso con sego mesmo no seu proceso de formación

As vantaxes deste tipo de ensinanza son as seguintes:

- Satisfai as necesidades dos estudantes que de outro modo non poderían asistir a clases presenciais debido as restricións de distancia e de tempo. Un das maiores vantaxes deste tipo de educación é pois a flexibilidade.
- Fomenta una educación permanente
- Elimina as barreiras xeográficas e toda a poboación maior de idade pode acceder a educación sen importar onde resida.
- É accesible a persoas con estudos postergados
- A flexibilidade de horario para acceder a información facilita a organización do tempo persoal do alumno respectando a súa vida familiar, social e laboral.
- Incorpora ferramentas para o manexo da información.
- O alumno desenrola una alta capacidade para regular o seu propio aprendizaxe favorecendo así a responsabilidade, disciplina e compromiso para lograr ser autónomo.

As desvantaxes deste tipo de ensinanza son as seguintes:

- A socialización é case inexistente.
- O alumnado ten que adaptarse ao uso de materiais didácticos específicos e aulas virtuais. A ser capaz de comunicarse cos seus profesores e con outros alumnos a través das plataformas informáticas
- A ser capaz de organizar o seu tempo de estudo para compaxinalo coa vida persoal, laboral e académica.

O plurilingüismo é un dos sinais de identidade da Europa multicultural. Segundo o Consello de Europa, o obxectivo da educación lingüística non é tanto o dominio dunha ou varias linguas illadas, coma o desenvolvemento dun perfil plurilingüe e intercultural integrado por diferentes aptitudes en diferentes linguas e en diferentes niveis, en función dos intereses e necesidades do individuo.

O obxectivo da Lingua Estranxeira é conseguir que os alumnos poidan desenvolverse nas situacións mais habituais nas se se poidan atopar nos ámbitos persoal, público, educativo e profesional.

O estudo dunha lingua estranxeira nas persoas adultas supón un instrumento de comunicación para a súa vida persoal e profesional. Isto implica a adquisición das competencias comunicativas básicas en dita lingua estranxeira, que deberán fundamentarse en temas relacionados co contorno social e cos intereses do alumno adulto.

Por iso dende o Departamento, velaremos por:

- Mellorar o rendemento académico do alumnado nas áreas lingüísticas.
- Mellorar a expresión oral e escrita en francés, a través dunha metodoloxía eficaz e dun programa de lecturas completo. (A expresión oral é moi difícil para nos dadas as características inherentes a educación a distancia)
- Promover o gusto pola lectura.
- Reflexionar sobre os nosos obxectivos con outras áreas lingüísticas para elaborar estratexias comúns de actuación que nos permitan obter mellores resultados na práctica docente.
- Consensuar as programacións das distintas áreas para poder organizar un Currículo Integrado Lingüístico.
- Educar en valores colaborando co Centro nas actividades que propoña a este respecto.

O departamento de francés conta cun só profesor de francés que é ademais a xefa do departamento. O departamento de francés presenta unha Programación para 3º e 4º da ESO que está incluída no Ámbito da Comunicación e de 1º e 2º de Bacharelato primeira e segunda lingua seguindo todas as pautas que nos indica a LOMCE.

Para a lingua I e II do bacharelato utilizaremos as guías facilitadas pola Consellería de educación. Para a realización da Programación, seguiremos o Decreto 85/2015 do 25 de xuño, que establece os novos Currículos e a Programación LOMCE da 1ª lingua estranxeira Francés II, nos bloques que concirnen á comprensión e á expresión oral e escrita.

## **2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.**

O Decreto 86/2015 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia, expón as seguintes competencias clave :

1. Comunicación lingüística (CCL)
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
3. Competencia dixital (CD)
4. Aprender a aprender (CAA)
5. Competencias sociais e cívicas (CSC)
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

### **2.1. Comunicación lingüística (CCL).**

Esta competencia é o obxectivo principal da materia e aparece en todas as unidades.

Na educación a distancia hai unha predominancia da comprensión e expresión escrita e - en menor medida- da comprensión oral en detrimento da expresión oral.

### **2.2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).**

Estas competencias reflíctense na aprendizaxe dos números, das operacións matemáticas, dos prezos, das horas.

### 2.3. Competencia dixital (CD)

Con esta competencia o alumno é capaz de buscar, obter, tratar e comunicar e verificar (con espírito crítico) informacións na rede.

O ensino a distancia lévase a cabo mediante a aula virtual: apuntamentos, libro electrónico, referencias a páxinas web.

### 2.4. Aprender a aprender (CAA)

O ensino a distancia favorece unha maneira de aprender autónoma. O alumno ten que organizar o seu traballo, manexar os recursos propostos.

### 2.5. Competencias sociais e cívicas (CSC)

Esta competencia intenta comprender a realidade social na que vivimos, afrontar a resolución de conflitos con valores e prácticas democráticas, mantendo unha actitude construtiva, solidaria e responsable no exercicio dos dereitos e obrigas cívicas.

Desenvolvemos esta competencia mediante o descubrimento das diferentes á propia, especialmente as culturas francófonas de todo o mundo.

### 2.6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Esta competencia desenvólvese no estudante partindo do verdadeiro coñecemento de si mesmo, das súas potencialidades, da súa dignidade e atinxe á súa responsabilidade, á creatividade e á autocrítica.

Trátase de recoñecer que ten a capacidade de imaxinar, de desenvolver de de avaliar accións e proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza e responsabilidade crítica.

### 2.7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Esta competencia implica o coñecemento de diferentes manifestacións culturais, unha actitude aberta, respectuosa e crítica fronte á diversidade de expresións culturais.

Desenvolvemos esta competencia mediante o descubrimento das culturas francófonas: música, cidades, festas...

### 3. Criterios de avaliación e estándares mínimos esixibles de 1º de Bacharelato 2ª Lingua estranxeira, e 2º de Bacharelato 2ª Lingua estranxeira.

#### TÁBOA 1

#### 1º de bacharelato 2ª Lingua estranxeira

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
a b c f	<p><b>B1.1. Estratexias de comprensión:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.</li> <li>- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.</li> <li>- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</li> <li>- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.</li> <li>- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.).</li> <li>- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.).</li> <li>- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</li> </ul> <p><b>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa, e conciencia da importancia de chegar a comprender textos orais sen precisar entender todos e cada un dos seus elementos.</b></p> <p><b>B1.3. Constancia no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito.</b></p>	<p><b>B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes do texto.</b></p> <p><b>B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</b></p> <p><b>B1.3. Comprender o esencial e a información relevante en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais, lugares, horarios, datas, prezos, formas de pagamento, actividades, etc.), sempre que lle poidan repetir o dito.</b></p> <p><b>B1.4. Comprender o esencial</b></p>	<p><b>SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.</b></p>	CCL CAA CSC CCEC
			<p><b>SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes., gravadas ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información claramente estruturada, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación.</b></p>	CCL CAA CSC CCEC CD
			<p><b>SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante de carácter habitual e predicible sobre asuntos prácticos no ámbito educativo (datos persoais, intereses, preferencias, e gustos e proxectos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, acordo e desacordo, etc.),</b></p>	CCL CAA CSC CCEC

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		<p>en conversas sinxelas, básicas e breves sobre argumentacións básicas, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes do ámbito persoal ou público, estados de saúde, sensacións e sentimentos básicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p> <p>B1.5. Comprender o sentido xeral e a información moi relevante e sinxela de presentacións ben estruturadas sobre temas familiares e predicibles, e de programas de televisión tales como informativos, entrevistas ou anuncios, sempre que as imaxes sexan suficientemente redundantes para facilitar a comprensión.</p>	<p>sempre que poida pedir que se lle repita ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p> <p>SLEB1.4. Entende o que se di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hotéis, restaurantes, transportes ou centros docentes), e os puntos principais e a información relevante cando se lle fala directamente en situacións menos habituais, pero predicibles (por exemplo, a perda dun obxecto), sempre que poida volver escoitar o dito.</p> <p>SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, opinións xustificadas e claramente articuladas a unha velocidade lenta ou media, sobre diversos asuntos cotiás ou de interese persoal, así como a expresión de sentimentos sobre aspectos concretos de temas habituais ou de actualidade, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p> <p>SLEB1.6. Identifica os aspectos máis importantes en presentacións sobre temas coñecidos ou do seu interese nos ámbitos persoal e educativo; e de programas informativos, documentais, entrevistas en televisión, anuncios publicitarios e programas de entretemento, cando o discurso está ben estruturado e articulado con claridade nunha</p>	<p></p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>



Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			variedade estándar da lingua, e con apoio da imaxe.	
Bloque 2. Producción de textos orais				
a b c f	<p><b>B2.1. Estratexias de produción:</b></p> <p><b>Planificación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificar o contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.</li> <li>- Adecuar o texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</li> </ul> <p><b>Execución:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica.</li> <li>- Activar os coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</li> <li>- Expresar a mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.</li> <li>- Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</li> <li>- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos:</li> </ul> <p><b>Lingüísticos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Modificar palabras de significado parecido.</li> <li>- Definir ou parafrasear un termo ou unha expresión.</li> <li>- Usar a lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta.</li> <li>- Pedir axuda.</li> </ul> <p><b>Paralingüísticos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Sinalar obxectos, usar deícticos</li> </ul>	<p><b>B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</b></p> <p><b>B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves ou de lonxitude media, e de estrutura simple e clara, recorrendo, entre outros, a procedementos como a reformulación, en termos máis sinxelos ou de significado aproximado, do que se quere expresar cando non se dispón de estruturas ou léxico máis complexos en situacións comunicativas máis específicas.</b></p> <p><b>B2.3. Intercambiar con pronuncia clara e intelixible, información en situacións de comunicacióalumnado e menos habituais, pero predicibles, nas que teña que expresar o acordo, o desacordo, o interese, a posibilidade e a imposibilidade, usando un repertorio de expresións frecuentes no ámbito público (doenzas, pequenas reclamacións, etc.), así como na expresión básica dos sentimentos e os intereses persoais, tales como satisfacción, desgusto, admiración e sorpresa.</b></p> <p><b>B2.4. Producir textos de extensión breve ou media, tanto cara a cara como por</b></p>	<p><b>SLEB2.1. Fai presentacións ensaiadas previamente, breves e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos sinxelos do seu interese, organizando a información básica nun esquema coherente e ampliándoa con algúns exemplos, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes sobre o tema tratado.</b></p> <p><b>SLEB2.2. Toma parte en conversas formais ou entrevistas de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas moi habituais nestes contextos, intercambiando información relevante sobre feitos concretos, pedindo instrucións ou solucións a problemas prácticos, suscitando de xeito sinxelo e con claridade os seus puntos de vista, e xustificando brevemente as súas accións, opinións e plans.</b></p> <p><b>SLEB2.3. Desenvólvese coa suficiente eficacia en situacións cotiás e menos habituais pero predicibles que poden xurdir durante unha viaxe ou estadia noutros países por motivos persoais ou educativos (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, relacións coas autoridades, saúde ou lecer), e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas e xestos apropiados.</b></p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p>

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>ou realizar accións que aclaran o significado.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas e contacto visual ou corporal).</li> <li>- Usar elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.</li> </ul> <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.3. Rutinas ou modelos comúns de interacción segundo o tipo de situación de comunicación.</p>	<p>teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, cun discurso comprensible e adecuado á situación, e utilizando as estratexias necesarias para iniciar, manter e facer progresar a comunicación.</p> <p>B2.5. Intercambiar información e opinións, dar instrucións, describir e narrar acontecementos sinxelos, xustificar brevemente os motivos de accións e planos, formular hipóteses, facer suxestións e argumentar de xeito sinxelo, aínda que se produzan pausas para planificar o que se vai dicir e, en ocasións, haxa que formular a mensaxe en termos máis sinxelos e repetir ou reelaborar o dito para axudar á comprensión da persoa interlocutora.</p>	<p>SLEB2.4. Participa en conversas informais, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns, nas que intercambia información e se expresan e xustifican opinións brevemente; narra e describe feitos sinxelos ocorridos no pasado ou expresa brevemente plans de futuro; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións; expresa e xustifica sentimentos de xeito sinxelo, e describe con certo detalle aspectos concretos de temas de actualidade moi coñecidos ou de interese persoal ou educativo.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
<b>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</b>				
a b c f	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</li> <li>- Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</li> <li>- Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</li> <li>- Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</li> <li>- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e experiencias noutras linguas.</li> </ul>	<p>B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.</p> <p>B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas, sinxelas e predicibles, de carácter público, institucional ou corporativo.</p> <p>B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos descritivos ou narrativos breves e ben estruturados nos que se informa de</p>	<p>SLEB3.1. Identifica a información máis importante en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, breves e ben estruturados e que traten temas xerais e coñecidos ou traballados previamente, e capta as ideas principais de artigos divulgativos sinxelos, cunha linguaxe moi clara e un uso moi limitado de tecnicismos, sobre temas do seu interese.</p> <p>SLEB3.2. Entende o sentido xeral e os puntos principais de anuncios e comunicacións sinxelos de carácter público, institucional ou corporativo, que conteñan</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B3.2. Recoñecemento da estrutura das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura).</p>	acontecementos, se describen accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións con expresións sinxelas, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar.	instrucións e indicacións de carácter previsible, claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal ou educativo (por exemplo, sobre cursos, prácticas ou becas).	
		B3.4. Recoñecer a estrutura das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura), e comprender un repertorio elemental e básico de expresións fixas de confirmación ou denegación, obriga, coñecemento, necesidade e permiso utilizadas para a concesión dunha bolsa, a confirmación dun pedimento, a reserva dun hotel, etc.	SLEB3.3. Identifica a información máis importante en instrucións sobre o uso de aparellos ou de programas informáticos de uso habitual, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia no ámbito público e educativo.	CCL CAA CSC CCEC CD
		B3.5. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, en formato impreso ou en soporte dixital, ben estruturados e de curta ou media extensión, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten asuntos cotiáns, temas de interese ou relevantes para os propios estudos ou as ocupacións e que conteñan estruturas frecuentes e un léxico xeral de uso común.	SLEB3.4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.	CCL CAA CSC CCEC
			SLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, breve e sinxela, en calquera soporte incluíndo foros <i>en liña</i> ou <i>blogs</i> , na que se describen e narran feitos e experiencias, impresións e sentimentos, e se intercambian información e opinións sobre aspectos concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	CCL CAA CSC CCEC CD
			SLEB3.6. Entende o esencial de correspondencia formal institucional ou comercial sobre asuntos que poden xurdir, por exemplo, mentres organiza ou realiza unha viaxe ao estranxeiro (concesión dunha bolsa, confirmación dun pedimento, reserva dun hotel, etc.).	CCL CAA CSC CCEC CD

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			SLEB3.7. Entende información específica relevante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.	CCL CAA CSC CCEC CD
Bloque 4. Producción de textos escritos				
a b c f	<p><b>B4. Estratexias de produción:</b></p> <p><b>Planificación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</li> <li>- Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</li> <li>- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.</li> </ul> <p><b>Execución:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</li> <li>- Estruturación do contido do texto.</li> <li>- Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</li> <li>- Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</li> <li>- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que</li> </ul>	<p><b>B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos sinxelos de lonxitude breve ou media (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), incorporando esquemas e expresións de textos modelo con funcións comunicativas similares ao texto que se quere producir.</b></p> <p><b>B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.</b></p> <p><b>B4.3. Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións básicas e opinións sinxelas, relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese.</b></p> <p><b>B4.4. Producir correspondencia formal para solicitar ou dar información relativa a bens e</b></p>	<p><b>SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal, en calquera formato, na que describe experiencias e sentimentos; narra, de forma lineal, actividades e experiencias presentes e pasadas; e intercambia información e opinións sobre temas concretos nas súas áreas de interese persoal ou educativo.</b></p> <p><b>SLEB4.2. Completa un cuestionario con información persoal, educativa ou ocupacional (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.) cunha finalidade específica, como inscribirse nun curso ou solicitar un campamento de verán.</b></p> <p><b>SLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas, respectando as convencións e as normas de cortesía.</b></p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
